

1420, outubro, 21.

Jácome García Queijo, no nome de Fernan Gonzalez de Oviedo declara ter recibido de Afonso Domínguez 1.066 maravedís que debía pagar ó Concello por portaxe e peso, amais de 217 maravedís de cada procurador, que completaban os 1.500 que o Concello debía pagar ó citado Fernan González.

Viinte e h?u dias do mes de oytubre. Sabean quantos esta carta viren como eu Jacome Garçia Queijo, morador enna çidade de Santiago en nome de Fernan Gonçales de Ovyedo visiño de Abilles e para el otorgo e conosco que reçeby de Afonso Dominges da Peña, vesião da dita çidade e de Juan Raposo e Nuno Vinagre, procuradores do conçello da dita çidade, mill e quinentos maravedis, branca en tres dineiros, os quaes morabedis o dito conçello devya a o dito Fernan Gonçales por obrigaçon signada do signo de Pero Afonso, notario da dita çidade et os quaes moravedis reçeby en esta guisa: Reçeby do dito Afonso Dominges mill e sasenta e seis mor. da dita moeda que el avya de pagar ao dito conçello da renda da portaj?e e posso que del ten arrendada e reçeby do dito Johan Raposo dusetos e dez e sete mor. e de vos o dito Nuno Vinagre receby outros dusetos e dez e sete mor. da dita moeda e asy son conpridos os ditos mill e quinentos mor. que o dito conçello devya ao dito Fernan Gonçales e os quaes mor. ey en meu jur e poder e renunçio a toda eixençon que non diga ende o contrario e aa ley do aver non dado nen contado e pagado visto nen recebido en presenza do notario e testemoyas e dou por quite e livre a o dito conçello dos ditos mill e quinentos mor. para todo senpre e eu o dito Nuno Vinagre que presente s?o en nome do dito conçello asy o reço. Testemoyas que a esto foron presentes: Martin Serpe e Gomes Rodrigues, jurados da dita çidade e Juan Serpe, fillo do dito Martin Serpe.